

AMALIE SKRAM

A traizón

Traducido por Marta Dahlgren e Alejandro Tobar



Hugin e Munin

I

—A ver, Riber, acabaches ou non? —preguntoulle Ingstad ao xenro, o corpulento capitán Riber, quen estaba sentado á mesa vestido co traxe de noivo. A barba loura e mesta, os ollos afundidos e bondadosos e a calva ampla e pálida outorgábanlle case o aspecto dun ruso.

O capitán desfíxose do pano de mesa colocado por debaixo da gravata branca a modo de babeiro, que entre dobra e dobra lle caía por riba da camisa deica os xeonllos, e pousouno na mesa onde se congregaran os cabaleiros convidados ao casoiro, prestos a gozar de saborosas viandas. A continuación, deu unha volta polo comedor e foi botarlles unha ollada ás dependencias anexas, onde nese momento servían té e pastas para as señoras.

Ingstad seguiu coa mirada. Tiña a sensación de que o xenro andaba de rabuxa. Axiña apañou o garfo e mais o prato e foi onda el. Riber detivérase nun recanto e ficara apoiado na cómoda.

—Onde vai Aurora? —rosmou o noivo, con senllas regañas por ollos.

—Imaxino que está dentro, despedíndose das criadas e os cativos —respondeu Ingstad cun ademán afable, coas

mans entrelazadas por tras das costas e abaneándose lixeiramente, malia manter recta a súa venerable cabeza e sen fixar a mirada clara e amigable no xenro.

—Dime, Aurora ten mal carácter? É caprichosa? —quixo saber Riber.

—Non, querido. De onde sacaches iso?

—É o que sempre dicía a miña nai —fungou o noivo ao tempo que sacaba peito e bandullo, formando dese modo un arco, pois era de constitución forte e ombreiros poderosos—. Repetíame: «Vai para sete anos que vos coñecedes e, se non perdestes a gana, voda ha de haber».

—Aurora sempre foi un encanto de rapaza, a mellor que calquera pai pode desexar —continuou Ingstad con tento—. Pero non esquezas o noviña que é; nin dezasete anos e medio ten, e agora vaise ver na obriga de abandonar o seu fogar —Ingstad agardou unha chisca, pero, ao que oíu rosmar a Riber, proseguiu cunha certa mofa—: Deberás ser paciente se non sucede todo conforme ao planeado. Comprende que non é broma ningunha emprender unha travesía polos océanos a canda un vello lobo de mar coma ti. Pobriña, é unha rapariga...

—Vasme ler a cartilla tamén agora? —replicou irritado Riber—. Todo o día dálle que dálle. Des que sentamos para o banquete, tíos e amizades empezaron co compadreo e a arenga. Que lles andará na cabeza a eses parvalláns? Aurora aínda vai crer que a levan directa ao verdugo!

—Cando deches o discurso, ti mesmo dixeches que... —apuntou Ingstad.

—E como diaño se supón que se constrúe un discurso dese tipo, que pasa por ser a gaitada maior? Con máis razón cando un acaba de chegar da igrexa, atordado pola sarta de disparates cacarexados polo pastor. Sexa como

